

Rosa Ana Prada Queipo, secretaria do Concello de Ames (A Coruña).

Certifico: Que a Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria celebrada o día 5 de abril de 2018, adoptou, entre outros, o acordo que copiado é do teor literal seguinte:

PUNTO CUARTO.- ADXUDICACIÓN DO PROCEDIMENTO ABERTO CUN ÚNICO CRITERIO DE VALORACIÓN (FACTOR PREZO) DA OBRA CAMIÑO DE POUSADA Á CAPELA DE SAN XOANCIÑO (AMES) E OUTRO. POS ADICIONAL 1/2016

O señor alcalde informa á Xunta de Goberno Local da lista por orde decrecente da puntuación e proposta de adxudicación que formula a mesa de contratación no procedemento aberto cun único criterio de valoración (factor prezo) das obras de “Camiño de Pousada á Capela de San Xoanciño (Ames) e outro”.

O dito acordo de clasificación de ofertas e requirimento de documentación foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar e aos demais participantes no procedemento de contratación.

Unha vez presentada polo clasificado en primeiro lugar a documentación establecida no artigo 151 do Texto refundido da Lei de contratos do sector público, resulta procedente adxudicar a dita obra.

Visto o que antecede, a Xunta de Goberno Local, previa delegación da Alcaldía (Decreto 480/2016), por unanimidade dos seus membros presentes, acorda:

Primeiro.- Adxudicar a realización da obra de “Camiño de Pousada á Capela de San Xoanciño (Ames) e outro” á empresa **Construcciones Ponciano Nieto SL** con CIF B-15293145, e nas seguintes condicións:

A.- Prezo: O importe da oferta do dito licitador ascende á contía de vinte e oito mil cincuenta e sete euros e vinte céntimos **(28.057,20 euros)** sen IVE.

B.- IVE repercutible: A contía do IVE repercutible ao tipo do 21% ascende a contía de cinco mil oitocentos noventa e dous euros e un céntimo **(5.892,01 euros)**.

C. Prazo de execución: O prazo de execución do contrato será de **6 meses**, contados a partir do día seguinte ó da sinatura da acta de comprobación de replanteo, salvo que exista reserva fundada que impida o seu comezo.

D.- Nomear como director de obra e coordinador de seguridade e saúde da obra “Camiño de Pousada á Capela de San Xoanciño (Ames) e outro” ao enxeñeiro de camiños, da empresa Estudio Técnico Gallego SA, Julio C. Rojo Martínez.

E.- Resto de condicións: O adxudicatario deberá cumprir coas condicións fixadas nos pregos de cláusulas administrativas particulares polo que se rexeu o procedemento, así como coa proposición formulada.

E para que conste, aos efectos oportunos, expido a presente co visto e praxe do señor alcalde en Ames, a 9 de abril de 2018, e coa advertencia de que non foi aprobada aínda a acta da sesión correspondente.

Vº e praxe
O alcalde
José M. Miñones Conde

A secretaria